

# REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E RÉXIME INTERNO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE A PREGUIZA

## ARTIGO 1º - Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento e réxime de utilización da piscina e anexos, no marco das disposicións sectoriais aplicables, xa sexan xestionadas polo propio concello ou por entidade autorizada en virtude do acordo adoptado polos seus órganos de goberno.

## ARTIGO 2º - Obxectivos

O Concello persegue, na xestión das instalacións, os seguintes obxectivos:

- Fomentar a actividade física, o deporte e a educación física, e procurar un desenvolvemento integral da persoa, buscando crear hábitos de vida saudable.
- Levar a actividade física aos escolares do municipio a través de diferentes programas deportivos.
- Promover cursos de natación de diferentes niveis co obxecto de propiciar o ensino da natación entre a poboación, ademais de cursos de actividades dirixidas.

## ARTIGO 3º - Regulación técnico sanitaria

A regulación das condicións hixiénico- sanitarias das piscinas municipais, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia e régúlase no Decreto 103/2005, do 6 de Maio.

## ARTIGO 4º - Horario de apertura e temporalización

### - HORARIO DE INVERNO (1 OUTUBRO-30 DE XUÑO)

De Luns a Venres de 9:00 a 13:00 e de 16:30 a 22:30

Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00

Domingos e festivos pechado

### -HORARIO DE VERÁN (1 XULLO-30 DE SETEMBRO)

De Luns a Venres de 9:30 a 14:00 e de 19:00 a 23:00

Sábados de 10:00 a 14:00 e de 18:00 a 20:00

Domingos de 11:00 a 14:00

- Festivos pechado

-As instalacións realizarán 2 peches técnicos para labores de mantemento nas seguintes datas:

a) Vacacións de Nadal

b) Verán

Os peches realizaranse no menor tempo posible non sendo superiores a 10 días.

- Esta temporalización poderase modificar cada ano e estará a disposición dos usuarios.

#### ARTIGO 5º - Acceso as instalacións

1) As instalacións deportivas da piscina municipal encóntranse a disposición de todos os cidadáns e cidadás que pretendan realizar a actividade física do servizo.

2.1.-) O acceso ás instalacións pódese realizar mediante os seguintes procedementos:

a- ABOADOS: coa condición de subscritor, pódese ter acceso á piscina climatizada, á sala de musculación - zona cardiovascular (co apoio do monitor de sala e a realización de táboas personalizadas de exercicio) e a todos os espazos de uso libre, sen ningunha restrición de tempo nin espazo. Ademais os subscritores terán a posibilidade de ser cursillistas cun desconto no prezo do curso.

Requirimentos para adquirir a condición de subscritor:

- Cubrir todos os datos da folla de inscrición.

- Fotocopia do DNI (en caso de ser Aboamento Familiar, fotocopia dos DNIs de tódolos beneficiarios do aboamento).

- Fotografía tamaño carné (en caso de ser Aboamento Familiar, fotografía de tódolos beneficiarios do aboamento).

- Fotocopia do n.º de conta bancario, onde aparezan os nomes dos titulares da conta (darase tamén o DNI de titular, en caso de non corresponder coa persoa que se vai inscribir).

- Fotocopia do Libro de Familia, exclusivamente no caso de Aboamento Familiar.

- En caso de ser parella de feito, é imprescindible presentar o certificado de

convivencia, ou equivalente, expedido polo concello.

b- CURSILLISTAS: teñen esta condición as persoas inscritas nalgún curso, sexa de sala ou sexa de piscina, e unicamente poden facer uso das instalacións durante o tempo que dure a clase.

Requirimentos para adquirir a condición de cursillista:

- Cubrir todos os datos da folla de inscrición.

- Fotocopia do DNI.

- Fotocopia do n.º de conta bancario, onde aparezan os nomes dos titulares da conta (darase tamén o DNI de titular, en caso de non corresponder coa persoa que se vai inscribir).

Duración dos cursos: son de carácter mensual, renovables ata que o desexe o usuario, sempre que se cumpra cos prazos de notificación de baixa (ver apartado correspondente). A última semana de cada mes ofertaranse as novas prazas para o mes seguinte (consultar en recepción as datas exactas). Cada clase ten unha duración de 45 minutos.

c- ENTRADAS LIBRES: entradas puntuais na instalación pagando o custo da entrada no momento do acceso á instalación. Os beneficiarios das entradas libres poden usar todas as zonas de uso libre (piscina e sala de musculación e zona cardiovascular-, nesta última sen o apoio do monitor ou monitora de sala-) con restrición de uso en función da ocupación. O período de duración expedirá no momento que se abandone a instalación.

Requirimentos para adquirir unha entrada libre:

- Por motivos de seguridade, pódese pedir aos usuarios que presenten o DNI, ou calquera outra documentación acreditativa da súa idade, ao comprar unha entrada. O persoal da instalación poderá denegar o acceso se o usuario se negase a mostrar a mencionada documentación.

- Cumprir coas normas de uso que ten cada espazo deportivo da instalación, respectando as idades para as que está permitido.

d- COLECTIVOS Y GRUPOS ORGANIZADOS: mediante as modalidades de aluguer total ou parcial da instalación ou zonas, logo de autorización da empresa xestora.

2.2.-) O acceso o campo de fútbol 5 e as pistas de patinaxe é libre e non require o abono de ningunha taxa. A empresa concesionaria poderá establecer normas de uso e disfrute das mencionadas instalacións para un mellor aproveitamento.

3) A distribución do espazo dispoñible tanto para uso libre coma para os cursos estará reflectida nos cuadrantes de utilización. Estes cuadrantes indicarán os usos reais das instalacións, e poderase proceder á súa modificación cando razóns organizativas así o aconsellen.

4) O concello de Ortigueira ou, se é o caso a empresa concesionaria do servizo, anunciará oportunamente o peche das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación de auga dos vasos entre outras.

5) Os veciños e veciñas do Concello de Ortigueira terán preferencia sobre os de calquera outro concello ao realizar as inscricións iniciais nas modalidades de abonados, cursillistas, colectivos e grupos organizados. Para isto, a empresa xestora habilitará un prazo de inscrición para usuarios empadroados no Concello de Ortigueira e outro prazo para os non empadroados. O empadroamento demostrarase mediante certificado ou documento acreditativo expedido polo concello. Unha vez transcorrida a inscrición inicial, os veciños do concello de Ortigueira terán preferencia sobre os outros, sempre que se establezan listas de espera para o acceso á instalación na modalidade de subscritor.

6) Para o acceso polo procedemento de entrada libre, deberán obterse as entradas correspondentes nos lugares de venda da instalación.

7) Por motivos de seguridade, dadas as características do vaso da piscina, os menores de 12 anos deberán acceder á piscina acompañados por un responsable maior de idade, igual que os menores de 16 anos que non saiban nadar. Os que teñen entre 12 e 16 anos, que saiban nadar, poderán entrar só co consentimento por escrito do pai, nai ou titor, que depositarán na instalación, e lles servirá para as seguintes ocasións.

8) Por motivos de saúde, prohibese o acceso a menores de 14 anos á sala de musculación. Entre 14 e 16 anos só poderán acceder nos horarios nos que estivese presente o monitor de sala ou monitora. Consultar horarios na propia instalación.

9) A condición de abonado pérdese cando se incumpra a obriga de pagar nos prazos determinados pola empresa concesionaria.

10) As persoas que accedan ás instalacións en calquera das modalidades de cursillista ou grupos organizados poderán permanecer nestas soamente nos horarios definidos para os programas en que interveñan ou nos concedidos como aluguer.

11) O pagamento de calquera curso terá validez para o mes en curso. É dicir, rematará o servizo contratado o último día de clase do mes que pagou.

12) Tanto os grupos de natación escolar coma os outros colectivos específicos virán sempre acompañados dunha persoa encargada, e esta será, en todo momento, responsable do grupo dentro da instalación.

13) Nos supostos de realización de competicións nas piscinas corresponderalle á entidade organizadora destas o control da orde no recinto, tanto na zona do vaso coma nos vestiarios, e esta entidade responsabilizarase do axeitado uso das instalacións.

14) O concello de Ortigueira ou, se é o caso, a empresa xestora reserva para se a facultade de solicitar o DNI ou calquera outro documento acreditativo da personalidade a todas as persoas que accedan ás instalacións municipais por ela xestionada.

#### ARTIGO 6º - Normas de inscrición/ baixa/ modificación e forma de pago

1) Todas as persoas que desexen inscribirse nun curso, actividade ou aboamento deberán presentar a folla de inscrición debidamente cumprimentada no prazo establecido. É necesario achegar os datos bancarios para a domiciliación do recibo, antes do día 5 do mes no que se formalice a matrícula. No caso de menores de idade, a folla de inscrición asinaraa o pai, nai ou titor/a.

2) O alumno quedará inscrito tras satisfacer a cota do curso de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora, e cumprir con todos os trámites de inscrición. A inscrición non producirá efecto mentres non se cumpra con todos os requirimentos establecidos.

3) Forma de pagamento: a matrícula, o aboamento do primeiro mes e o curso escollido, se é o caso, pagarase en efectivo na recepción no momento de formalizar a inscrición. Os demais pagamentos faranse por domiciliación bancaria, de acordo cos datos facilitados na folla de inscrición. Os recibos pasaranse entre o día 1 e o 5 do mes que se vai contratar.

4) Para darse de baixa no abonamento ou no curso será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñibles para o devandito trámite, a empresa concesionaria antes do

día 25 do mes anterior ao que se produza a baixa. Os subscritores dados de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente todos os trámites de alta.

5) A renovación dos cursos e programas con límite de prazas realizarase a través de domiciliación bancaria. A baixa deberase comunicar antes do día 25 do mes anterior. A última semana de cada mes ofertarase ao público e por rigorosa orde de chegada as prazas vacantes en cursos de actividades de sala e piscina respectivamente.

6) Calquera trámite de cambio de horarios ou actividades deberá solicitalo na recepción da instalación, cubrindo os impresos establecidos para tal efecto. En ningún caso se dará por validado o cambio mentres non sexa comunicado polo persoal da instalación ou publicado na táboa grande de información ao usuario.

7) Calquera modificación de número de conta bancaria ou de actividade que afecte o importe das cotas será comunicada antes do día 25 do mes o que cause efecto.

8) Non se devolverá o importe dun abono/ curso se este non foi anulado pola propia dirección da instalación.

9) Aqueles abonados/ cursillistas que devolvan o recibo serán dados de baixa ata o momento en que satisfagan as cantidades pendentes.

10) A perda da condición de abonado poderá producirse:

a) Por instancia de parte: para darse de baixa na instalación debe comunicalo por escrito antes do día 25 de cada mes na recepción da piscina. Sen cumprir estes requisitos non terá dereito a obter a devolución da cota correspondente ao mes seguinte.

b) De oficio: a dirección da instalación poderá dar de baixa a calquera que estea inmerso nalgún dos seguintes supostos:

1. Non pagar as cotas: os aboados non estean ao día no pagamento das súas cotas causarán baixa automática cando non paguen dous recibos consecutivos; así mesmo, a entidade xestora poderá dar de baixa como aboadado a aqueles que reiteradamente incorran na tardanza do pagamento das cotas que lles sexan aplicábeis.

2. Incumprimento reiterado das normas de uso de cada zona da instalación o das regras de conducta sinaladas neste regulamento e demais normativa vixente.

#### ARTIGO 7º – Normas disciplinarias e de seguridade

1) O persoal da instalación, que estará identificado, será o responsable de facer cumprir a todos os usuarios as normas de uso desta, e poderá, se é o caso, expulsar do recinto a quen incumpra o contido deste regulamento.

2) Estableceranse as seguintes normas, que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo:

a- NORMAS XERAIS:

- Todos/as os/as cidadáns/ás teñen o dereito de acceder á piscina e ao resto das instalacións en condicións de igualdade, coa limitacións e requisitos establecidos neste regulamento e na normativa aplicábel ás piscinas de uso público, sen prexuízo do dereito da entidade xestora para, co visto e prace da dirección, restrinxir ou suspender, para períodos puntuais, o acceso á condición de aboado ou á mesma instalación cando as condicións de salubridade, hixiene ou superación da capacidade real da instalación o fagan necesario para manter a calidade da prestación do servizo.

- Deberanse respectar os espazos reservados aos diferentes usos da instalación deportiva.

- Todo usuario estará obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, e polo tanto, impedirá ou denunciará todos os actos que deteriorenen as instalacións ou os servizos e advertirá os empregados cando observe anomalías nas instalacións ou no material destas.

- Prohíbese comer e fumar en todo o recinto, así como utilizar envases de cristal.

- O uso das instalacións debe facerse con roupa e calzado deportivo axeitados.

- Os cursillistas accederán á instalación como máximo 15 minutos antes do inicio do curso, e permanecerán sen introducirse na auga ata a chegada do monitor.

- Para a comodidade de todos os usuarios e para tratar de promover valores ambientais, o tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.

- Usar as papeleiras e os colectores para depositar o lixo.

- Prohíbese acceder á instalación con animais ou obxectos que poidan causar dano ou molestias ós usuarios.

- Recoméndase a todos os usuarios que se sometan a un recoñecemento médico previo á práctica deportiva, sobre todo a aqueles que permanecesen inactivos durante un período prolongado de tempo ou padezan algunha enfermidade de carácter crónico.

- Todo accidente que se produza na instalación será comunicado antes de abandonar esta. A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.

- A natación escolar virá sempre acompañada dun responsable que velará polo cumprimento das normas.

- Os usuarios ou titores, no caso de menores de idade, subscribirán que non padecen ningún tipo de enfermidade infecciosa ou contaxiosa. No caso de ter fundadas sospeitas de que fose así, esa persoa ou persoas poderán quedar excluídas para facer uso da instalación.

- A empresa concesionaria do servizo non se fai responsable dos roubos ou a subtracción dos obxectos dos usuarios dentro das instalacións.

#### b- NORMAS DE USO DA PISCINA:

- A capacidade máxima da piscina será de 104 usuarios. Vaso de 25 x 12.5 m

- É obrigatorio o uso de traxe de baño e gorro de baño.
  - É obrigatorio o uso de zapatillas de baño en aseos, vestiarios, duchas e nas praias da piscina.
  - Antes do baño é obrigatorio ducharse.
  - Ningún usuario poderá bañarse se ten feridas abertas ou se ten infeccións na pel.
  - Prohíbese a realización de xogos e prácticas perigosas (correr, apneas prolongadas, somerxerse violentamente, tirar obxectos, etc.) e, en xeral, todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades que se leven a cabo.
  - Prohíbese o uso de aletas, pas, colchóns, lentes de cristal ou calquera outro elemento que poida danar ou molestar aos usuarios, menos nas rúas e nos horarios que a dirección habilite para tales efectos.
  - Recoméndase aos usuarios que se aseguren das diferentes profundidades do vaso da piscina antes de facer uso desta co fin de evitar accidentes.
  - Débese observar puntualmente as instrucións do socorrista da piscina. Un comportamento antisocial suporá a expulsión do recinto do infractor.
  - A utilización das rúas de baño libre estará sempre condicionada polo nivel de nado dos usuarios, e en momentos puntuais dispoñeráse de rúas de nado rápido, nado lento, nado de recreo ou outros usos. O socorrista será a persoa encargada de indicar e distribuír, en último caso, os usuarios por unha ou outra rúa.
  - É obrigatorio nadar circulando sempre pola dereita da rúa que se estea a usar.
  - Se é necesario algún elemento para a aprendizaxe de natación pódese solicitar ao socorrista. Volverase posteriormente en bo estado de uso e colocarse nos compartimentos habilitados para tal efecto.
  - Prohíbense os saltos na piscina, o buceo ó ancho e sentarse nas corcheas.
  - Non se permite o nudismo.
  - Por motivos de seguridade, dadas as características do vaso da piscina, os menores de 12 anos deberán acceder á piscina acompañados por un responsable maior de idade, igual que os menores de 16 anos que non saiban nadar. Os que teñen entre 12 e 16 anos, que saiban nadar, poderán entrar solos co consentimento por escrito do pai, nai ou titor, que depositarán na instalación, e lles servirá para as seguintes ocasións.
  - A saída do vaso farase 15 minutos antes do peche da instalación.
- c- NORMAS DE USO DA SALA DE MUSCULACIÓN E A ZONA CARDIO:
- O aforamento da sala de musculación e zona cardiovascular virá determinado polo número de aparatos e as rotacións que se programen polo monitor ou encargado. A capacidade da sala de actividades virá determinada polo tipo de actividades que se desenvolvan nela.

- É necesario levar a toalla para colocala enriba das máquinas ou aparatos dos que faga uso, co fin de evitar que a suor caia sobre os aparatos.
- É obrigatorio o uso de roupa e calzado non utilizado previamente no exterior da instalación.
- Débese facer un uso correcto das máquinas e do peso libre. En caso de dúbida, hase de consultar ao monitor encargado.
- O uso de máquinas cardiovasculares está limitado a 20 minutos cada máquina.
- Por motivos de saúde, prohíbese o acceso a menores de 14 anos á sala de musculación. Entre 14 e 16 anos só poderán acceder nos horarios nos que estivese presente o monitor de sala ou monitora. Consultar horarios na propia instalación.
- O uso libre dos aparatos estará supervisado polo monitor, mentres que nas actividades dirixidas, será o monitor quen asigne os aparatos aos usuarios.
- Os usuarios con rutinas de traballo, unha vez finalizado o seu uso, deberán deixalas no ficheiro da instalación pois son propiedade desta.
- Despois de utilizar o peso libre deixarase ordenado no lugar habilitado.
- Deberá respectarse a lista de espera nos aparatos que a teñan, así como o seu tempo de máximo uso.

#### d- NORMAS DE USO DA SALA DE ACTIVIDADES:

- Soamente se poderá utilizar para a realización de actividades con monitorado.
- É obrigatorio o uso de roupa e calzado deportivo.
- Prohíbese acceder a sala de actividades con calzado utilizado previamente no exterior da instalación.
- Ao finalizar a actividade deberase abandonar a sala.

#### e- NORMAS DE USO DA SAUNA:

- Prohibido o uso a menores de 16 anos.
- Tempo máximo de utilización son 15 minutos.
- Obrigatorio ducharse en auga quente e xabón, secarse antes de entrar.
- Obrigatorio usar toalla para tombarse ou sentarse nos bancos.
- Prohibido afeitarse e depilarse dentro da sauna.
- Para as persoas con calquera problema debe consultar co seu médico antes de usar a sauna.
- Está contraindicado para persoas con: hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, varices, embarazadas ou previo á inxestión de bebidas alcohólicas.



- Recomendado para persoas con: reumatismo crónico, arrefriados leves, trastornos nerviosos, asma, bronquite e fumadores.

- Evitar acceder á sauna nas dúas horas posteriores á comida.

#### f- NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS:

- Prohibido o uso de botellas de cristal nas duchas.

- O tempo de utilización das duchas será estritamente o necesario.

- Obrigatorio o uso das papeleiras para tirar calquera clase de envase.

- Non se permitirá o acceso dos vestiarios as persoas que non vaian facer uso de ela, a excepción dos acompañantes dos cursillos menores de 7 anos que non sexan capaces de cambiar con autonomía. Estes usuarios utilizarán o vestiario que lle corresponda indistintamente do sexo do cursillista.

- Os pais ou acompañantes poderán acceder ao interior dos vestiarios nos seguintes casos:

a) Un acompañante cos usuarios da escola de natación con idades comprendidas entre 3 e 7 anos.

b) Un acompañante coas escolas deportivas de natación con máis de 7 anos, no primeiro día de curso.

c) Os pais con fillos con algún problema físico ou psíquico que non lle permita o desenvolvemento fóra da auga, solicitarán un pase especial para acompañantes.

- Estarán a disposición dos usuarios consignas, co fin de que tanto as pezas coma os utensilios queden recollidos nestes lugares. Será obrigatorio o uso destas e non se permitirá que os utensilios persoais queden fóra destes armarios, por motivos de seguridade e comodidade para o resto de usuarios.

- Todos os usuarios que utilicen os armarios deberán deixalos baleiros ao rematar a actividade. Polo tanto, queda prohibido gardar un armario para o uso persoal. Os armarios que permanezan pechados ao final da xornada serán abertos e baleirados polo persoal da piscina.

- Prohíbese escorrer os traxes de baño nos lavabos.

- Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outro lugar da instalación permanecerán en recepción na zona de "obxectos perdidos" durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non son reclamados polo seu propietario ou propietaria, a dirección entregaráo á policía local ou a entidades de beneficencia. A empresa concesionaria do servizo non se responsabiliza dos obxectos subtraídos, extraviados ou cambiados dentro da instalación e/ou armarios. Existe un servizo adicional para a custodia de obxectos de valor.

#### g- NORMAS DE USO DAS CANCHAS DE PADEL:

- Os usuarios terán que alugar a instalación con antelación.

- O aluguer deberá de ser pagado por anticipado. En caso de non facelo a empresa reservase o dereito de pasar o pago por conta bancaria.
- Os usuarios usarán as súas propias raquetas e pelotas, aínda que a empresa dispón de aluguer e venda de material.
- Obrigatorio o uso das papeleiras para tirar calquera clase de envase.
- É obrigatorio o uso de roupa e calzado deportivo.
- Prohibido comer e beber na pista.
- Obrigatorio respectar o horario do aluguer.

#### h- NORMAS DE USO DA CANCHA DE FÚTBOL 5:

- O uso de esta instalación é libre e non está sometido a petición previa.
- Os usuarios usarán o seu propio material, balóns, petos...aínda que a empresa dispón de aluguer e venda de material.
- Prohibido comer e beber na cancha.
- Prohibido colgarse das portarías.

#### i- NORMAS DE USO DA PISTA DE SKATE:

- O uso de esta instalación é libre e non está sometido a petición previa.
- Os usuarios usarán o seu propio material, patíns, monopatíns...aínda que a empresa dispón de venda de material.
- Prohibido comer e beber na cancha.
- Non se colgar nas estruturas.
- Non utilizar os elementos de forma indebida.

### ARTIGO 8º - Infraccións

O incumprimento do disposto neste regulamento podera dar lugar á expulsión do recinto, con posterior perda, se é o caso, da condición de abonado ou cursillista.

Para a gradación das sancións posteriores, se se dá o caso, terase en conta a gravidade da infracción, a reincidencia e os prexuízos ocasionados aos usuarios e/ou ás instalacións.

Con independencia e a imposición das sancións procedentes, se algunha infracción levase aparelado un deterioro, rotura ou estrago dalgún elemento da instalación deportiva, o infractor deberá aboar o importe das reparacións ou reposicións do material que se teñan que realizar.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, en función dos criterios de risco efectivo, intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou exercicio de dereitos doutras persoas, a ocasionada no uso da instalación, no normal funcionamento dela, ou a intensidade dos danos causados nos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do complexo deportivo, así como da intencionalidade, reincidencia, etc.

-En calquera caso, constitúen infraccións leves as seguintes:

- a) Producir molestias puntuais aos demais usuarios da piscina.
- b) Realizar algún acto puntual de comer, saltar ou xogar na zona de baño da piscina, sen perigo para o infractor ou os demais usuarios.
- c) A falta de decoro ou respecto cara ao persoal da instalación ou cara aos demais usuarios, que se produza de forma puntual e facilmente solucionable.

-Constituirán infraccións graves as seguintes:

- a) Cometer máis de dúas faltas leves no prazo dun mes, ou de catro ou máis no prazo dun ano.
- b) Non utilizar de xeito adecuado ao seu uso os aparatos deportivos.
- c) Non se duchar antes de acceder ao vaso da piscina.
- d) Acceder ao interior da instalación con roupa ou calzado inadecuado.
- e) Acceder con roupa ou calzado de rúa á zona de baño.
- f) Acceder á instalación con animais, e/ou facer uso de obxectos que poidan causar molestias aos demais usuarios, tales como aparatos de radio, música ou semellantes.
- g) Beber, comer ou inxerir bebidas alcohólicas no recinto da instalación, a excepción dous refrescos ou snacks que se poidan adquirir no café-bar da instalación.
- h) Xogar no interior da piscina con obxectos non permitidos no vaso.
- i) Desobedecer as indicacións do persoal na utilización da instalación ou cumprimento das normas de comportamento, sempre que non se produzan máis dunha vez, caso no que pasarán a constituír faltas moi graves.
- j) A falta de decoro ou respecto cara ao persoal da instalación ou cara aos demais usuarios.
- k) Producir molestias reiteradas ou de intensidade aos demais usuarios, mentres fan uso da instalación.
- l) Sacar as chaves dos armarios fóra da instalación.
- m) Escorrer os traxes de baño dentro dos lavabos.
- n) Correr, saltar ou xogar de forma reiterada na zona de baño, con perigo para o infractor ou para o resto dos usuarios.

-Son infraccións moi graves as seguintes:

- a) Cometer máis de dúas faltas graves no prazo de seis meses, ou de catro ou máis no prazo dun ano.
- b) Desobedecer a prohibición motivada de acceso ao recinto, que proveña dos responsables da instalación e /ou persoal supervisor.
- c) Impedir o acceso á instalación de outros usuarios con dereito a isto.
- d) Intentar acceder á instalación utilizando bonos caducados, ou pertencentes a outros titulares.
- e) Ensuciar deliberadamente os servizos e instalacións.
- f) Non cumprir as normas hixiénico-sanitarias vixentes para o bo estado de conservación, mantemento e limpeza das instalacións.
- g) Ocultar a existencia de enfermidades cutáneas ou infecto-contaxiosas, para obter a condición de socio ou usuario da instalación.
- h) Non utilizar nas duchas e piscina gorro de baño, traxe de baño e chancletas.
- i) Non utilizar a indumentaria axeitada na sauna, sala de musculación ou sala de aeróbic.
- j) Practicar o nudismo no interior da piscina.
- k) Extraer moedas dos armarios ou obxectos do interior deles, sen prexuízo da responsabilidade penal que se poida derivar.
- l) Causar danos no interior da instalación, aos bens dela ou de outros usuarios, sen prexuízo da responsabilidade penal que se poida derivar.
- m) Non aboar as tarifas establecidas, ou utilizar a instalación sen estar ao día do pagamento das cotas que corresponda.
- n) Acceder á instalación por accesos diferentes aos autorizados para tal fin.
- o) Reiteración na desobediencia ás indicacións dos monitores, na utilización da instalación ou cumprimento de normas de comportamento.

Para todos os efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras da actividade ou, se é o caso, aquelas que efectúen o aluguer de uso das instalacións. As reincidencias na comisión de infraccións poderán dar lugar á anulación ou suspensión temporal ou total das reservas que se puidesen conceder ás devanditas entidades.

#### ARTIGO 9º- Sancións

A comisión de infraccións dará lugar a incoación do correspondente procedemento sancionador, sen prexuízo de que o persoal das instalacións poida expulsar delas aos usuarios que incumpran o establecido no regulamento e demais normativa aplicable, informando da incidencia por escrito ao Concello, e sen que a expulsión xere ningún dereito á devolución das taxas aboadas.

## ARTIGO 10º – Suxestións/ reclamacións

Existirán, a disposición do público, follas de reclamación e suxestións numeradas para que poidan presentarse as queixas, reclamacións e suxestións que se consideren necesarias e remitirase copia ao concello sempre que as solicite.

## DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. - O funcionamento da piscina de titularidade municipal en réxime de xestión indirecta mediante concesión rexerese polas condicións establecidas no Prego de cláusulas administrativas correspondente e polas disposicións contidas neste regulamento.

Segunda. - Este regulamento poderá ser modificado, rectificado ou ampliado logo de solicitude e aprobación por parte do concello de Ortigueira, sempre que exista algunha causa que o xustifique.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. - No non previsto neste regulamento rexerá o disposto no Decreto 1037/2005 do 6 de Maio, e na ordenanza fiscal reguladora das instalacións deportivas.

Segunda. - A interpretación das normas do regulamento será levada a cabo polo órgano competente do concello de Ortigueira, órgano que poderá dictar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Terceira. - O presente regulamento será aprobado polo pleno do concello de Ortigueira e entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local.